



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
AM/2024/1	Asamblea Mancomunidad

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	16 de maio de 2024
Duración	Desde as 9:37 ata as 10:40 horas
Lugar	Salon de sesións da Mancomunidade
Presidida por	JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ
Secretario	SANTIAGO RAFAEL DE LORENZO TABOADA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
76710362A	Ana Maria Villarino Pardo	SÍ
76722242S	Diego Lourenzo Moura	SÍ
34729403R	Eligio Gil Sanmamed	SÍ
44467106X	Eva Maria Pérez Gamote	SÍ
34974153P	Felisindo Dapía Medeiros	SÍ
34725555V	Gerardo Seoane Fidalgo	NON
34968041Z	JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ	SÍ
34949717K	Jose Ramón Barreal Novo	SÍ
76710947J	Luciano Rivero Cuquejo	SÍ
34728608B	Maria Rosa Gonzalez Rivero	SÍ
44452800X	Maria del Mar Valle Alvarez	SÍ
34947330A	Sergio Boo López	SÍ





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

76733005Z	Tamara Balboa García	SÍ
34720275G	Vicente Gomez García	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (28/07/2023 constitución Mancomunidad)

A acta apróbase por unanimidade dos asistentes a sesión de referencia.

2.- CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DE 2023.

Tendo en conta que durante o prazo de exposición pública non se formularon alegacións nin reclamacións contra a Conta Xeral do Presupuesto de 2023 rendida pola Presidencia, a Asamblea, sen debate e por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Presupuesto de 2023, nos mesmos e idénticos termos nos que se confeccionou, contendo as partes sinaladas no texto refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO. De conformidade co exposto no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e na Regla 226 da Instrucción de Contabilidade, a Conta Xeral aprobada réndese ante o Consello de Contas de Galicia nos termos que en materia de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira das entidades locais regula a devandita Lei.

3.- ORZAMENTO 2024.

Por parte do Sr. Secretario-Interventor dase conta aos presentes dos estados de gastos e ingresos do proxecto de orzamentos da Mancomunidad para 2024. Así como de que conta cós informes de secretaría, intervención e o económico financeiro, favorables.

Sometido o asunto a votación, a Asamblea por **unanimidade** dos seus **trece membros presentes**, dos catorce que legalmente a forman, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o orzamento da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín para **2024**, sendo as previsións que contén tanto no seu estado de ingresos como no de gastos as que figuran no seguinte resumo do mesmo por capítulos





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ESTADO DE INGRESOS

Cap.	Importe
1	Impostos directos 0,00 €
2	Impostos indirectos 0,00 €
3	Taxas e outros ingresos 1.500,00 €
4	Transferencias correntes 2.797.055,32 €
5	Ingresos patrimoniais 0,00 €
6	Enaxenación de inversións reais 0,00 €
7	Transferencias de capital 60.000,00 €
8	Activos financeiros 0,00 €
9	Pasivos financeiros 0,00 €
TOTAL INGRESOS	2.858.555,32 €

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Importe
1	Gastos de persoal 1.271.253,76 €
2	Gastos en bens correntes e servizos 1.447.301,56 €
3	Gastos financeiros 9.000,00 €
4	Transferencias correntes 71.000,00 €
5	Fondo de continxencia 0,00 €
6	Inversións reais 60.000,00 €
7	Transferencias de capital 0,00 €
8	Activos financeiros 0,00 €
9	Pasivos financeiros 0,00 €
TOTAL GASTOS	2.858.555,32 €

SEGUNDO. Aprobar as bases de execución do orzamento e a relación de postos de traballo de que se compón a plantilla de persoal da Mancomunidad e demais documentación complementaria.

TERCEIRO. Expór ó público o orzamento aprobado mediante edictos no BOP e no taboleiro de edictos ós efectos de que polos interesados a que se fai referencia no artigo 170 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, se presenten contra o orzamento aprobado as reclamacións e alegacións que se estimen convintes, só e exclusivamente, polos motivos sinalados no apartado segundo do citado artigo 170 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, durante o prazo dos seguintes 15 días hábiles o da publicación do edicto mencionado no BOP.

CUARTO. Facer constar expresamente que se non se producen reclamacións ou alegacións contra o contido do orzamento aprobado, este acordo de aprobación inicial pasará a ter a consideración de acordo de aprobación definitiva do devandito orzamento, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 169 da citada norma e, de seguido, procederase a publicar o mesmo resumido por capítulos no BOP e a enviar copias a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- SITUACION DOS CONCELLOS POLO INCREMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-DEPENDENCIA. ACORDO QUE PROCEDA .

O Sr. Presidente inicia o tratamento deste asunto, sinalando que varios alcaldes trasladáronlle e el mesmo coñece, a grave situación a que se están a enfrontar os concellos, ante o forte incremento do prezo que as empresas adxudicatarias da prestación do servizo de axuda no fogar vense na obriga de aplicar coo consecuencia dos incrementos salariais dos seus traballadores.

A situación, como todos saben é grave dado que o prezo/hora polo que se presta o servizo subiu de tal xeito, que a subvención da Xunta polo prezo/hora máis a achega dos usuarios do servizo dista moito de cubrir o custo, tendo que ser o concello quen asuma a diferenza cós seus propios recursos.

As cantidades anuais das que se fala son inasumibles para moitos concellos. Por iso, propónse trasladar esta situación aos organismos competentes.

Aberto un turno de intervencións, producíronse as seguintes:

Do Sr. **Lourenzo Moura**, representante do Concello de Verín, para afirmar que a situación do municipalismo pola asunción de competencias impropias sen financiación é un verdadeiro drama.

Do Sr. **Gómez García**, representante do Concello de Castrelo do Val, que coincide coa anterior afirmación e di que a Xunta neste caso fíxonos picar cunha competencia manifestamente impropia e que agora desenténdese do grave desequilibrio financeiro deste e doutros moitos servizos. (lémbrese que todos coñecemos o déficit de financiamento dos





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

custos das traballadoras sociais e dos equipos de atención temperá)

Remata o Sr. Presidente coincidindo có manifestado e afirmando que é algo que non ten límite como coa que se ven enriba dos concellos pola aplicación da lei de benestar animal....

Tralo que a Asemblea, por unanimidade dos seus trece membros presentes, dos catorce que legalmente a forman, **ACORDA:**

1º. Manifestar a profunda preocupación dos concellos desta Mancomunidad pola gravísima situación financeira provocada polo desmesurado incremento dos custos da prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), que aboca aos concellos a unha situación económica inasumible.

2º. Solicitar a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado o financiamento íntegro de servizos como o SAF, que son legalmente servizos de competencia non municipal e que só poden ser xestionados delegadamente cun equilibrio financeiro asegurado.

3º. Trasladar este acordo á FEGAMP, á FEMP a aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego.

5.- CONVENIO DE COLABORACION PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO CONSELLERIA DO MEDIO RURAL-DEPUTACION DE OURENSE EN MATERIA DE PREVENCION E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

O Sr. Presidente anuncia a retirada deste punto do Orde do día ao non se recibir o convenio de colaboración Consellería de Medio Rural - Deputación en materia de prevención de defensa contra os incendios forestais.

Quedando asunto sobre a mesa para tratar nunha próxima Asemblea caso de recibir o convenio.

6.- PLAN DE PLAGAS 2024-VESPA VELUTINA.

A Presidencia da conta da proposta que se recibíu de 9.680,00 euros/ano, correspondendo a cada concello uns 1.380,00 euros.

Prodúcese as seguintes intervencións:

Do. Sr. **Gómez García**, representante do Concello de Castrelo do Val que, ante a grande diferenza de niños entre os diferentes concellos no ano pasado, plantexa a alternativa de fixación dunha cota fixa e o reparto de resto do custe do servizo en funcións dos niños retirados en cada concello (cousa que pode server de estímulo para o contratista)





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Fálase ademáis, en xeral, da crenza popular de que este non un servizo polo que paguen os concellos (como consecuncia da práctica de que os afectados chaman directamente ao contratista) non sendo esto como todos saben, verdade.

Tras estas e outras intervencións non reseñables, a Asemblea, por unanimidade dos seus trece membros presentes, dos catorce que legalmente a forman, **ACORDA**:

Aprobar nos seus termos o plan de actuacións presentado de control da plaga da vespa velutina, para o actual ano 2024.

7.- INFORMACIONES E OUTROS ASUNTOS A PRESIDENCIA

Tratáronse os seguintes asuntos.

7.1 DAR CONTA DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO DE 2024.

Logo de se advertir a omisión na orde do día diste punto, trátase de seguido:

Pola Intervención dase conta dos resultados da liquidación do orzamento de 2023, que foi aprobada por resolución da Presidencia do 09.03.2024 cos seguintes datos resumidos:

RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	24.818,03 €
REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA	64.947,48 €

A Asemblea queda enterada dos resultados da devandita liquidación.

7.2 CONVENIO COA CRUZ VERMELLA.

A Presidencia da conta da proposta de convenio que se recibíu e de que neste 2024, os concellos participantes só serían os de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Verín; polo que o importe a asumir sería de 5.000,00 euros, a partes iguais entre os cinco concellos.

Prodúcense as seguintes intervencións:

Da Sra. Eva María **Pérez Gamote**, representante do Concello de Vilardevós, para explicar que no caso do seu concello existen razóns obxectivas para a non participar na sinatura do convenio coa Cruz Vermella; concretamente o funcionamento do C.D.R. Portas Abertas.

Neste sentido, a Sra. Tamara **Balboa García**, representante do Concello de Vilardevós explica máis detaadamente que a entidade da que fala a súa compañeira presta unha serie de servizos en todos os concellos da Mancomunidad, como un plan de atención urxente, cunha dotación de máis de vinte mil euros; a prestación dun servizo de conciliación no Concello de Cualedro; a atención de moitos casos derivados polos servizos sociais municipais e moitos outros; o que explica para constancia dos membros da Asemblea.

Os presentes quedan enterados





Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

7.3 PROXECTO “TERRITORIO ESCENA OURENSE/ COMARCA DE VERÍN – MONTERREI”

Pola Presidencia lémbrese a reunión sobre este asunto que tivo lugar na sede da Mancomunidade o pasado mes de decembro cós responsables da AGADIC (Axencia Galega de Industrias Culturais), Centro Dramático Galego e Deputación de Ourense.

Informa de que o asunto segue en marcha pendente resolución de diferentes cuestións xurídicas e económicas e que seguirá a informar en canto haxa novidades.

7.4 SOLICITUDE DE ADOLFO ROLÁN FERNANDEZ DE AXUDA AO “FORUM GALAICO-TRANSMONTANO- CÍRCULO DE ESTUDOS E DIVULGAÇÃO” PARA EDICION DUNHA REVISTA.

Dase conta dun escrito de data 16.04.2024, que asina Adolfo Rolán Fernández na súa condición de Presidente do “Fórum Galaico-Transmontano – Círculo de Estudos e Divulgação” no que expón que o devandito Fórum edita unha revista cultural e etnográfica bianual con artigos de investigadores de ambos lados da raia; e solicitando unha colaboración económica da Mancomunidade por importe de 350,00 euros (a razón de 50,00 euros por concello mancomunado) para sufragar os custos de edición do número oito de dita revista, có título “Ao redor do Río Tâmega Galiza-Portugal”.

Xunto có escrito, achegáronse sete exemplares da revista que se entregaron aos respectivos concellos; polo que acórdase asumir a colaboración solicitada polo importe de 350,00 eros, con cargo aos créditos orzamentarios para gastos xerais da Mancomunidade.

7.5 COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO DE ANIMAIS ABANDONADOS.

Fai uso da palabra o Sr. Rivero Cuquejo, representante do Concello de Cualedro; na súa condición de membro da Comisión de Seguimento do Convenio provincial de recollida de animais abandonados.

Pasa a informar aos presentes do grave problema das colonias de felinos e das implicacións sanitarias e económicas que teñen para os concellos. Prodúcense varias intervencións ao respecto coincidentes en considerar o asunto un problema grave derivado dunha lei estatal sen financiamento para as novas competencias impostas aos concellos (especialmente para os pequenos) pola norma en cuestión.

Os Presentes quedan enterados.

Finalmente, producíronse as seguintes intervencións:





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Do. Sr. **Gómez García**, representante do Concello de Castrelo do Val para manifestar que levamos máis de un ano falando de diferentes asuntos sen tratalos nunha sesión oficial; polo que roga ao Sr. Presidente que se convoque Asamblea ou Xunta de Goberno, para o tratamento da xornada de traballo das traballadoras sociais da Mancomunidad.

Neste sentido, a Sra. **Villarino Pardo**, representante do Concello de Oímbra, roga que se convoque sesión, ademáis, para o tratamento do tema do servizo de recollida de lixo.

Fai constar que pide que se convoque á sesión de que se trate ao Sr. Javier Bove, xefe do servizo de Augas e Medioambiente da Deputación para que explique de primeira man as condicións de prestación deste servizo por parte do organismo provincial.

O Sr. Presidente queda enterado.

Do. Sr. Diego **Lourenzo Moura**, representante do Concello de Verín, lembrando a conveniencia dunha convocatoria de Mesa Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Os presentes quedan enterados

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Presidente levanta a sesión na hora indicada no encabezamento desta Acta.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

